

BOLETÍN 1 – TEMA 6

1. Verdadeiro ou falso? Corrixe as falsas.

- O metabolismo aerobio produce osíxeno como substancia de refugallo.
- As vías respiratorias superiores quentan, humedecen e filtran o aire.
- O bronquio primario esquerdo é máis vertical que o dereito.
- A epiglote impide a entrada de alimentos nas vías respiratorias.
- O pulmón dereito ten dous lóbulos.
- A inspiración prodúcese cando diminúe o volume da caixa torácica, grazas á relaxación do diafragma.
- O intercambio de gases realízase por difusión pasiva.
- Os alvéolos están rodeados de capilares sanguíneos.

2. Marca a opción correcta.

- | | |
|--|--|
| • As fosas nasais están separadas por: | • A traquea posúe cartilaxes con forma de: |
| a) O padal brando | a) O |
| b) O tabique óseo-cartilaxinoso | b) C |
| c) A epiglote | c) U |
| d) A úvula | d) Espiral |
| • A larinxe conecta: | • O bronquio primario dereito: |
| a) A boca co esófago | a) É máis estreito e horizontal |
| b) A farinxe coa traquea | b) É máis ancho e vertical |
| c) A traquea cos bronquíolos | c) Ten dous bronquios secundarios |
| d) A farinxe cos bronquios secundarios | d) Non ten cartilaxe |
| | • Durante a inspiración: |
| | a) A presión interna aumenta |
| | b) O diafragma reláxase |
| | c) A presión interna diminúe |
| | d) O aire sae dos pulmóns |

3. Que son, onde están e que función teñen os cornetes nasais?
4. Que é o hilo pulmonar?
5. Cal é a función da trompa de Eustaquio?
6. Explica por que o pulmón esquerdo é máis pequeno que o dereito, pero ao mesmo tempo máis longo.
7. Razoa por que o bronquio primario dereito é máis propenso a recibir corpos estraños inhalados accidentalmente.
8. Explica a relación entre o aumento do volume pulmonar e a diminución da presión durante a inspiración.
9. Describe o percorrido completo dunha molécula de osíxeno desde que entra polas narinas ata que chega a unha célula do corpo.
10. Explica por que a estrutura dos alvéolos (parede fina e gran número) é fundamental para a súa función.
11. Nos alvéolos hai unha concentración de 75 unidades de O_2 e 10 de CO_2 . Nos capilares dos pulmóns, 50 unidades de CO_2 e 25 de O_2 . Despois do intercambio de gases, cales son as concentracións de cada gas en cada localización? Como se chama o proceso polo que isto ocorre?